



XUNTA
DE GALICIA



LIGA DE
DEBATE

PRIMEIRA
**LIGA DE
DEBATE**

**O debate e a
oratoria no currículo**



MARTES
3 DE FEBREIRO 2026



SALA 9 - EDIFICIO FONTÁN
CIDADE DA CULTURA - SANTIAGO

Que imos ver?

- As bases da Resolución do 20 de novembro de 2025
- O debate como ferramenta interdisciplinaria
- A materia de Oratoria
- O regulamento da Liga escolar de debate
- As datas das distintas fases da liga
- Os temas de debate

BASES DA RESOLUCIÓN
DO 20 DE NOVEMBRO DE 2025
POLA QUE SE CONVOCA A
I LIGA ESCOLAR DE DEBATE

A resolución do 20 de novembro de 2025 – Bases lexislativas

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación → O sistema educativo español inspírase na **educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica** dos mesmos, así como na **non violencia** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) → O currículo oriéntase cara a un **ensino competencial**.

O decreto 156/2022, do 15 de setembro → Convida a favorecer a **interdisciplinabilidade**

O Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información

- Favorecer as alfabetizacións múltiples
- Fomentar o uso crítico da información
- Garantir a incorporación dun tempo de lectura e a práctica da oratoria
- Integrar a escritura no ámbito da oratoria e da comunicación oral a través de exposicións, recitais, dramatizacións ou actividades de Radio na Biblio.



PLAN de Lectura, Escritura e Acceso á información



O debate

- É unha **tarefa cooperativa**.
- Poténcianse o o **respecto** e a **aceptación** das ideas das compañeiras e dos compañeiros.
- Permite resolver os conflitos mediante o **diálogo**.
- Favorece a **colaboración interdisciplinar** entre materias.
- Fomenta a capacidade de localizar, avaliar, organizar e comunicar a **información**.
- Conecta o dereito á liberdade de opinión coas **responsabilidades éticas**.
- Favorece as destrezas do **MCERL**: a comprensión oral, a comprensión lectora, a interacción oral, a expresión oral, expresión escrita.

O DEBATE COMO FERRAMENTA INTERDISCIPLINARIA

ENCONTRO I LIGA ESCOLAR DE DEBATE | Curso 2025/2026

Os equipos de debate

Cada equipo ten que contar cunha persoa coordinadora pertencente a algún departamento do que dependan:

- Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura / Oratoria
- Latín / Cultura Clásica
- Inglés / Segunda Lingua Estranxeira
- Filosofía
- Educación en Valores Cívicos e Éticos
- Proxecto Competencial

Lingua Galega e Literatura

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- A realización de **proxectos significativos** para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase nas estratexias que fomenten a **oralidade** e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira **as habilidades necesarias para expresarse** correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

Lingua Castelá e Literatura

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- Favorecer **un uso ético da linguaxe** que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da **resolución dialogada dos conflitos** e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas.
- Desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, **o respecto crítico a outros puntos de vista** e o respecto ás normas acordadas.

Latín

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- O recoñecemento da herdanza inmaterial da civilización clásica latina, desde **a práctica da oratoria nas institucións** ata as cerimonia privadas ou os espectáculos de entretemento.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e **inmaterial** (mitoloxía clásica, institucións políticas, **oratoria**, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.

Cultura Clásica

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- Os procesos de análise crítica requiren **contextos de reflexión e comunicación dialóxicos**, polo que supón unha excelente oportunidade para **poñer en marcha técnicas e estratexias de debate** e de exposición oral na aula.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da **expresión de ideas e reflexións**, facendo especial fincapé no desenvolvemento da **capacidade comunicativa en público** e procurar un achegamento innovador e experimental nunha materia que se presta a iso.

Lingua Estranxeira / Segunda Lingua Estranxeira

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- O carácter competencial deste currículo convida o profesorado a crear **tarefas interdisciplinares**, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere **o alumnado como axente social**.
- Débese lograr a convivencia entre actividades controladas de memorización, exercicios gramaticais etc. e **actividades comunicativas como debates**.

Filosofía

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- O diálogo filosófico compréndese, baixo unha idea de disensión, como expresión de pluralidade e requirimento de complementariedade máis que como mero conflito, e reúne ao redor de si virtudes que en poucas ocasións aparecen xuntas: a exigencia de rigor racional, a aceptación do pluralismo ideolóxico e **a actitude respectuosa e empática cara a aquelas persoas coas que disintimos**, sen que por iso deixemos de buscar xuntos unha posición común.

Educación en Valores Cívicos e Éticos

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- **A deliberación compartida sobre problemas morais e cotiáns** en calquera tipo de proceso que fomente a creatividade, o diálogo, a reflexión e o xuízo autónomo.
- A promoción do traballo en equipo, singularmente **a preparación e posta en práctica de debates** e outras actividades corais, tanto para madurar a autonomía como para respectar e valorar axeitadamente a alteridade.

Proxecto Competencial

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- O profesorado debe estimular a axuda mutua e o traballo colaborativo, co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, **o respecto crítico a outros puntos de vista**, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e **o respecto ás normas acordadas**.

Xeografía e Historia

No decreto 156/2022, do 15 de setembro:

- A interacción no seo do grupo, incluída a persoa docente, coa resolución de interrogantes e a **exposición argumentada a través de diálogos e debates** sobre asuntos centrais da actualidade e do pasado, facilitando o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude tolerante e a creación dunha conciencia cívica que inclúe o respecto a outras formas de pensar e valorar.

A MATERIA DE ORATORIA

ENCONTRO I LIGA ESCOLAR DE DEBATE | Curso 2025/2026

A oratoria

“A arte de falar en público conseguiu en moitas ocasións transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre á oratoria, pois é a que dispón de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. **Nunca como hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora**, e nunca como hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Por iso é especialmente relevante na actualidade prepararse para producilas e comprendelas de maneira adecuada.”

A vocación práctica da retórica

“A oratoria, a arte de falar, é inseparable da **retórica, a arte de persuadir**. Oratoria e retórica presidiron durante séculos a estrutura educativa occidental e constituíronse como disciplinas cunha decidida vocación práctica: **influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra.**”

A mellora dos resultados

“En definitiva, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obter mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capacidade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio”

Liñas de actuación

- A materia ten punto de vista eminentemente práctico.
- A práctica da oratoria contribúe á superación persoal.
- Foméntase o traballo en equipo.
- Favorece a coordinación e traballo interdisciplinar.
- Destínase ao intercambio de ideas e construción compartida do coñecemento

Liñas de actuación

- Recoméndase, polo tanto, que os exercicios prácticos se orienten cara á realización de **proxectos inclusivos** para a **organización de debates** ou exposicións orais **que amosen todo tipo de posicionamentos, roles ou conflitos**, onde se potencie a expresión oral, corporal, o movemento e a importancia da xestión do tempo e o espazo, para construír una axeitada autoimaxe.

O REGULAMENTO DA I LIGA ESCOLAR DE DEBATE

Artigos principais

- Datas e horarios
- Lingua dos debates
- Fases da liga (1, 2 e final)
- Normas de desenvolvemento dos debates
- A sala e o cronómetro
- Xurado e moderación
- Criterios de valoración do debate e normas disciplinarias
- Penalizacións
- Reclamacións

DATAS DAS FASES DA LIGA

ENCONTRO I LIGA ESCOLAR DE DEBATE | Curso 2025/2026

1ª fase da liga
Do 23 ao 27 de marzo

Marzo

L	Ma	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

2ª fase da liga

Do 27 ao 30 de abril

Abril

L	Ma	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

3ª fase (final)

Do 25 ao 29 de maio

Maio

L	Ma	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

OS TEMAS DE DEBATE

Dous temas de debate para as distintas fases

- 1) A intelixencia artificial é unha axuda ou un risco para a sociedade?
- 2) Habería que limitar o acceso ás redes sociais aos menores de 18 anos?



Moitas grazas
pola vosa
atención!